

## **SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO DÍA 20 DE**

### **MAIO DE 2011**

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás trece horas do día vinte de maio de dous mil once, baixo a presidencia do señor alcalde don Antonio Varela Saavedra, reúnese en sesión extraordinaria, en primeira convocatoria, a corporación municipal en Pleno.

Asisten os señores concelleiros don Jaime Manuel López Lisnier, dona Erundina Prado Arcay, dona M<sup>a</sup> Ángeles Míguez Mouzo e don José Francisco Parceros Rial, do PSdeG-PSOE; dona María Jesús González Roel, don Santiago Manuel Ríos Rama, dona Goretti Pérez Eléxpuru e don Felipe Andreu Barallobre, do PP; don Luis Miguel Taibo Casás e don Juan Antonio Fernández López, de EU-IU; e dona M<sup>a</sup> Beatriz Ramos Padín, don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, dona Gumersinda Becerra Montes, don Antón Otero Domínguez, dona Laura Fernández Martínez, don José Antonio Baamonde López e dona M<sup>a</sup> Jesús Vieites Mariñas, concelleiros non adscritos.

Non asisten, con escusa, don Nicolás José Cubeiro Martínez, do PP, don Manuel Marante Gómez, do GM (PG), e dona Carmen Tato Lago, concelleira non adscrita.

Asiste dona M<sup>a</sup> Irache Enríquez Albaina, interventora, e dona M<sup>a</sup> Luisa de la Red Ampudia, como secretaria da corporación.

Aberto o acto pola presidencia, examinouse o asunto incluído na orde do día da convocatoria.

### **Proposta de aprobación inicial do Regulamento orgánico de participación cidadá do Concello de Cambre**

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Participación Cidadá, Igualdade e Turismo do día 19 de maio de 2011.

A secretaria da corporación informa que na sesión extraordinaria da comisión informativa do día de onte someteuse a votación o Regulamento orgánico de participación cidadá, coas modificacións introducidas segundo o informe xurídico emitido pola Secretaría municipal, de data 16 de maio de 2011, e tamén coas propostas efectuadas por don Antón Otero Domínguez, concelleiro delegado de Voluntariado social e participación cidadá, Promoción e apoio ao tecido asociativo e Promoción e proxectos de cooperación ao desenvolvemento, respecto do artigo 2, punto 8º, que quedou redactado da seguinte forma: *“Fomentar a vida asociativa no municipio e, especialmente, o asociacionismo das persoas e dos grupos que se encontran en peor situación de interlocución social e promover a participación dos inmigrantes dentro dos dereitos que lles confira a lexislación vixente, isto de conformidade co establecido*

*no artigo 18.2 da Lei 7/1985, reguladora das bases de réxime local e artigo 57 da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.”, e a proposta formulada por don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, respecto do artigo 6, alínea 3, onde se incluiu dentro das publicacións a efectuar na páxina web municipal: “a parte da acta das Comisións Informativas dedicada ao seguimento da xestión do alcalde, a Xunta de Goberno Local e os concelleiros que obstenten delegacións”.*

Concedida a palabra a dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel, voceira do PP, manifesta que na comisión informativa se abstiveron porque, como comentaron, parecíalles que non era a forma correcta de presentar este documento, xa que o regulamento foi consensuado con todas as asociacións veciñais e persoas que quixeron participar, e por iso pensaban que se lles debería ter presentado a eles antes de vir a pleno. Nese sentido non estaban de acordo, pero co regulamento si que o están e, por iso, como en anteriores ocasións, queren volver felicitar a don Antón Otero Domínguez, por ter chegado a este consenso con todas as asociacións, grupos municipais, etc. Por todo isto, e a pesar de non estar de acordo coa forma de presentación, si van votar a prol da aprobación do regulamento.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, sinala que o seu grupo xa manifestou onte na comisión informativa que ían votar a prol deste regulamento, xa que consideran que foi un dos traballos máis importantes que se fixo ao longo desta convulsa lexislatura. Foi un traballo realizado coa participación de moitísimas asociacións do concello, e persoas que individualmente quixeron colaborar na súa elaboración. Consideran que é unha ferramenta imprescindible para a comunicación e para a participación de todos os veciños e veciñas de Cambre.

Tamén se tivo en conta unha proposta que fixo o grupo de EU-IU, e que non se recollía no documento inicial, que era que as distintas iniciativas que presentan os grupos nas comisións se seguiran publicando na páxina web do concello, e así se recolleu.

Por todo isto, eles están de acordo, e cren que a partir de aquí se abre unha nova etapa en Cambre respecto da participación, a xente vai poder falar nos plenos, contémplese a posibilidade de poder facer uns orzamentos participativos, onde os veciños e veciñas decidan onde se vai gastar o diñeiro dos contribuíntes.

En resumo, cre que foi un bo traballo, un bo documento, e cre que corresponde felicitar ao responsable, pero corresponde tamén felicitar a todos os membros da corporación e ao conxunto dos veciños e veciñas que participaron nesta elaboración.

Concedida a palabra a don José Antonio Baamonde López, concelleiro non adscrito, manifesta que o seu voto vai ser favorable e di que lle aleda que outros grupos que onte non se amosaban favorables hoxe si o fagan.

Non obstante, si quere criticar, e parécelle lamentable, que cando hoxe van aprobar un documento tan importante como é este regulamento, estean ausentes uns concelleiros da

corporación para os que é máis importante estar a outras tarefas, que non aquí aprobando un documento que vai favorecer a todas as asociacións e veciños de Cambre.

Conclúe amosando o seu apoio a este regulamento e felicitando ao concelleiro de Participación Cidadá e ao seu grupo por cumprir o seu compromiso de ter aprobado o regulamento nesta lexislatura.

Concedida a palabra a dona M<sup>a</sup> Beatriz Ramos Padín, concelleira non adscrita, manifesta que o seu voto é favorable, xa que neste documento están recollidas todas as propostas das asociacións veciñais. Felicita ao Sr. concelleiro don Antón Otero polo traballo e dedicación que amosou nestes dous últimos anos.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, concelleiro non adscrito, manifesta que el quere sumarse á felicitación colectiva que xa o resto dos compañeiros lle expresaron ao concelleiro de Participación, pero tamén quere manifestar algo máis. Di que facer este último pleno da corporación, antes de pasar a ser corporación en funcións a partir do vindeiro luns, precisamente para aprobar este asunto, ten un valor simbólico especial, un valor simbólico dobre, porque o que van aprobar é xustamente un instrumento que vai facilitar algo que todos querían e demandaban, que era ter os instrumentos e os métodos para que a participación veciñal, a información e a participación nos asuntos públicos, se puidera acadar.

Di que é un traballo que se vén desenvolvendo no último ano e medio, dirixido polo compañeiro Antón Otero, pero tamén coa participación de asociacións veciñais, de diferentes grupos políticos, e é un moi bo instrumento de traballo, que poderá ser perfeccionable e mellorable, poderanse cambiar cousas en función de como vaia funcionando, como se vexan as utilidades ou os problemas e carencias que poida ter, pero, en todo caso, é un instrumento que vai permitir que esa participación da que sempre falan teña establecidas unhas vías, uns métodos de funcionamento, e que estean regulados perfectamente os dereitos, pero tamén as obrigas, non só do goberno, senón tamén dos grupos municipais que estean na oposición, e das propias entidades veciñais, ou dos veciños e veciñas a título individual. Non se inventan dereitos novos, son dereitos que están recollidos nas diferentes lexislacións existentes, o que se fai é refundilos, ordenalos, para que os métodos e as formas de participación sexan fáciles e poidan ser reguladas.

Cre que é un moi bo traballo e que se deben felicitar todos. Tamén agora mesmo a concelleira dona Laura Fernández Martínez lles acaba de entregar impreso outro documento que pensan que tamén é importante, o Plan de igualdade que aprobou este pleno da corporación hai apenas dous meses, con isto dan por pechado unha serie de compromisos que no goberno de coalición que iniciaron no mes de agosto do ano 2009 tiñan previsto.

Conclúe dicindo que agarda que a próxima corporación faga bo uso do Regulamento de participación e que sexa para beneficio de todos e todas.

Concedida a palabra a don Jaime Manuel López Lisnier, voceiro do PSdeG-PSOE, manifesta que o seu grupo tamén vai votar a prol e, así mesmo, quere expresar as súas felicitacións ao concelleiro de Participación por este traballo ben feito e rematado nesta lexislatura como tiña prometido.

Concedida a palabra a don Antón Otero Domínguez, concelleiro non adscrito, agradece a todos os concelleiros e concelleiras da corporación o seu apoio a este documento. El simplemente quere comentar un pouco, dar unha pincelada, sobre o que significa o regulamento e o informe xurídico que se fixo.

Manifesta que o informe xurídico supuxo complementar e mellorar o documento, por exemplo no dereito á información, onde se busca axilidade, procurando menos burocracia, onde poden falar dos medios para a información, da administración electrónica, do Servizo de Atención ao Cidadán. Tamén o dereito de proposta cidadá, que estaba sen regular no documento, ou a correcta definición e regulación, tanto do dereito de iniciativa popular, como de iniciativa cidadá.

En canto á redacción do regulamento, o informe supuxo mellorar as definicións, clarificando os conceptos e significados para que sexan claros e precisos. Tamén supuxo un encadramento normativo no texto, para evitar dúbidas no caso de interpretación, é dicir, que se produce unha adaptación á terminoloxía xurídica.

En canto ao que o informe xurídico suprime no documento, só hai unha razón, e é que son cousas contrarias á legalidade.

Continúa dicindo que este documento é unha ferramenta de participación cidadá, agora ben, a participación cidadá non se pode desenvolver da noite á mañá, senón que se trata dun proceso a longo prazo, xa que a mellora da calidade dos servizos públicos require da participación cidadá, non abonda só coa consulta, hai moitas cousas que os veciños coñecen moito mellor que as propias persoas que están traballando no concello.

Di que este é un traballo importante no que o mérito é compartido pola participación dos compañeiros e compañeiras da corporación e, neste caso, quere salientar que participaron activamente don Juan Antonio Fernández, de EU-IU, don Santiago Manuel Ríos, do PP, dona M<sup>a</sup> Ángeles Míguez, do PSdeG-PSOE, dona Laura Fernández, concelleira non adscrita. Pero tamén o mérito é moi especial polos veciños que a título particular e individual participaron nos foros, como tamén as persoas que representaron ás asociacións.

Conclúe dicindo que o desenvolvemento da sesión cambioulle un poco o discurso, ao quedar para o final, pero que estes eran os motivos polos que pedía que se apoiara este documento.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os catro concelleiros presentes do PP, os dous concelleiros de EU-IU e os sete concelleiros non adscritos asistentes á sesión.

A corporación, por unanimidade dos dezaioito concelleiros asistentes á sesión, acordou:

Primeiro: Aprobar, con carácter inicial, o Regulamento orgánico de participación cidadá do Concello de Cambre.

Segundo: Abrir un período de información pública e audiencia aos interesados por prazo de trinta días mediante anuncios publicados no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de anuncios do concello, co fin de que poidan presentarse reclamacións e suxestións que serán resoltas pola corporación.

Terceiro: No caso de que non se presenten reclamacións ou suxestións entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional, e, polo tanto, definitivamente aprobado o regulamento de referencia, publicándose o texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia, entrando en vigor unha vez teña transcorrido o prazo previsto no art. 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Antes de finalizar a sesión, concédese a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, quen manifesta que lle gustaría lembrar o dito que di “o cortés non quita o valente” e, dende o grupo municipal de EU-IU, e el persoalmente, desexarlle a todos os concelleiros e concelleiras desta corporación que non se van a presentar na próxima lexislatura, que gocen dese dereito universal a ser felices na súa vida.

E non habendo máis asuntos que tratar, o señor presidente levantou a sesión cando son as trece horas e quince minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

A secretaria xeral

Antonio Varela Saavedra

Mª Luisa de la Red Ampudia